

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo ao longo do curso escolar 2022/2023 dende a área de Proxecto Competencial en 1º de educación primaria no CEIP ADR Castelao, un centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona de interior da provincia de A Coruña. O centro ao que nos estamos a referir é un dos dous colexios de educación infantil e primaria (CEIP) que existen no núcleo de Ordes.

O alumnado matriculado no centro procede do núcleo urbano, das zonas rurais do concello, así como do municipio colindante. O galego é a lingua predominante na que foron socializados os nenos e nenas e a que usan con maior asiduidade na súa vida cotiá.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación confórmano 10 alumnos/as de 1ºA e outros 9 de 1ºB. O alumnado deste curso conta con idades comprendidas entre os 5 e 7 anos, momento este no que se producen importantes cambios a nivel cognitivo, motriz, afectivo e social, que deberán ser tidos en conta no deseño e desenvolvemento da práctica docente.

Como en calquera grupo humano, existe unha gran variedade de situación persoais, familiares, socioculturais, económicas, variedade de intereses, ritmos, estilos de aprendizaxe ou capacidades, que fan del unha realidade heteroxénea.

Ao longo do curso, e seguindo 3 Unidades Didácticas desenvolveranse as competencias transversais a través da realización dun proxecto final significativo e interdisciplinario para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Este proxecto final consistirá na representación teatral do conto infantil "A mellor sopa do mundo" no terceiro trimestre, polo que ao longo do ano o alumnado traballará os tres bloques establecidos no currículo: Bloque 1. Definición de proxectos, Bloque 2. Execución de proxectos e Bloque 3. Presentación de proxectos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-3-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3-4		3-5	3	1-3	2	3	3-4
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A mellor sopa do mundo	Nesta primeira unidade o alumnado coñecerá o proxecto que vai elaborar ao longo do	30	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A mellor sopa do mundo	curso: a representación teatral do conto " A mellor sopa do mundo". Para coñecer máis o mundo do teatro, da interpretación e dramatización faranse sesións de información sobre a orixe do teatro e a súa evolución, sesións con actividades e dinámicas de xogos de rol, dramatizacións e deshinibicións, así como sesións traballando a canción do conto coa linguaxe de signos. Ademais, nas primeiras sesións o alumnado organizará o desenvolvemento do proxecto: asignación dos personaxes, materiais necesarios para a caracterización, secuenciación e temporalización, etc.	30	13	X		
2	Backstage	Na segunda unidade o alumnado centrarase na preparación dos recursos necesarios para a representación da obra: disfraces, decoración, carteis anunciándoa, etc. Para iso, o alumnado asumirá roles para dividir o traballo e seguir coa temporalización prevista.	30	11		X	
3	Luces, cámara e...acción!	A terceira unidade consistirá na presentación do proxecto final: a obra teatral. Para isto, o alumnado traballará ao longo do trimestre a súa expresión verbal e corporal e empregará diferentes recursos de apoio para a presentación do seu proxecto.	40	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A mellor sopa do mundo	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valora o proxecto e a súa intención.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Recoñece a importancia dos recursos e materiais necesarios.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica e escoller con axuda información necesaria.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Establece a secuencia e temporalización con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Ten en conta os problemas que poidan aparecer e establece, con axuda, solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Backstage	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valora o proxecto e a súa intención.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Recoñece a importancia dos recursos e materiais necesarios.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Ten en conta os problemas que poidan aparecer e establece, con axuda, solucións.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Segue a secuencia e temporalización.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos e competencias axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Usa os recursos e materiais establecidos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve problemas de xeito autónomo cando sexa posible, e comunica os problemas que non se resolan.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Usa diferentes recursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Luces, cámara e...acción!	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Seguir a secuencia e temporalización.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos e competencias adecuados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Usa os recursos e materiais establecidos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve problemas de forma autónoma cando sexa posible, e comunica os problemas que non se resolvan.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Avalia os resultados do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Usa unha linguaxe oral correcta durante a representación.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Apoiase na linguaxe corporal e expresión durante a representación.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Valora as emocións positivas e usa estratexias controlar as negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Apoia a representación con diferentes recursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía predominante nesta programación didáctica é a Aprendizaxe Baseada en Proxectos, posto que ao longo do curso o alumnado traballará en torno ao proxecto final: Representación do conto "A mellor sopa do mundo". A través del, o alumnado desenvolverá as oito competencias establecidas no currículo e traballará de forma interdisciplinar sobre diferentes aspectos de todas as materias.

Na primeira avaliación o alumnado coñecerá o proxecto que vai a levar a cabo, traballará a toma de decisións planificando: elección de personaxes, lugar da representación, adaptación do conto ao teatro, materiais que se usarán para a escenificación, división de tarefas, etc. Ademais, realizaranse dinámicas de xogos de rol, dramatizacións, desinhibición, actividades de resposta física total, etc. para potenciar no alumnado a expresión corporal.

Na segunda avaliación o alumnado traballará entorno a escenificación da obra teatral: elaborará, con materiais reciclados, os disfraces para os personaxes, decoración do escenario, carteis anunciando a representación, etc.

Na terceira avaliación o alumnado centrarase no ensaio da representación teatral para a presentación final do proxecto.

A metodoloxía será activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo. Os métodos didácticos que se empreguen serán variados, buscando en todo momento a adecuación ao alumnado e ao contexto, así como a aprendizaxe significativa. Para iso, ademais de basearnos na ABP, traballaremos con diferentes técnicas de traballo cooperativo; coa Resposta Física Total; con xogos de rol e dramatizacións; e prestaráselle especial atención á gamificación para promover unha aprendizaxe lúdica na aula.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos e dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, así como os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias-

RECURSOS MATERIAIS: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), material manipulativo (xogos, recursos naturais, telas, material reciclado, recursos reais como folletos, cartes de anuncios etc.) ,láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS E DIXITAIS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, vídeos, cancións, ferramentas online como Canva, LibreOffice, etc.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, a aula de informática, o patio de recreo, o ximnasio, etc.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso, nas primeiras sesións, levaranse a cabo diferentes actividades e dinámicas para coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos diferentes criterios de avaliación. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, resolución de problemas, desempeño de rol concreto, realización de tarefas, presentación....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo, dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos. A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación didáctica, atendendo aos principios de normalización e inclusión, e para atender a toda a diversidade e aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe presentes nas aulas de 1º de Educación Primaria, usaranse as medidas ordinarias de atención á diversidade establecidas no Artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro. De entre estas medidas ordinarias, podemos destacar:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado.
- Uso de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e a aprendizaxe por proxectos.
- Adaptación dos tempos.
- Actividades tipo de reforzo e ampliación en todas as unidades didácticas.

De entre as medidas extraordinarias recollidas no Artigo 9 do mesmo documento:

- Unha alumna do curso formará parte do grupo da adquisición das linguas creado no centro e ó mesmo tempo recibirá atención fora da aula por parte do profesorado de PT.

Por outra banda, temos ó seguinte alumnado que recibe atención por parte do profesorado de PT e AL ademais de atención por parte do profesorado titor e profesorado de apoio:

- Dúas alumnas reciben atención fora da aula por parte do profesorado de PT.
- Cinco alumnos, dous nenos e tres nenas, que reciben atención por parte do profesorado de AL fora da aula.

Destacar que, ao atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, deberase ter en conta esta situación á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.



### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - Educación emocional e en valores	X	X	X

#### Observacións:

Traballarase ao longo do proxecto sobre o respecto mutuo e a cooperación entre iguais, sobre a resolución pacífica de conflitos, e sobre a igualdade entre homes e mulleres.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Conmemoracións	Semana da Prensa, Semana Cultural.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Pártese dunha avaliación inicial adecuada.
Coherencia entre os diferentes elementos do currículo.
Secuenciación e temporalización axustada.
Uso de diferentes estratexias metodolóxicas.
Materiais e recursos variados e adecuados.
Mantemento do interese e motivación do alumnado.
Atención á diversidade da aula.
Presencia de diferentes tipos de actividades (reforzo, ampliación, etc.) e medidas de apoio.
Uso de diversos procedementos e instrumentos de avaliación.

### **Descrición:**

O proceso de ensino e da práctica docente avaliarase a partir dos indicadores de logro especificados anteriormente a través de diferentes instrumentos de avaliación como: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros. Esta avaliación levarase a cabo mínimo ao final de cada trimestre, co obxectivo de solventar os problemas atopados e adaptar a práctica docente da mellor forma posible ás necesidades do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica, e, dunha forma máis específica, ao final de cada trimestre. Empregarase tamén o diario de clase para o seguimento da actividade lectiva.

Os resultados, conclusións e modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

### **9. Outros apartados**